

PLAN DE IGUALDADE



C.E.I.P "AGRO DO MUIÑO"

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NORMATIVA VIXENTE

2.1 CONTEXTUALIZACIÓN

2.2 REFERENCIA NORMATIVA

3. OBXECTIVOS

3.1 OBXECTIVOS PARA O PROFESORADO

3.2.- OBXECTIVOS PARA O ALUMNADO

3.3.- OBXECTIVOS PARA AS FAMILIAS

3.4.- OBXECTIVOS PARA O USO ADECUADO DOS ESPAZOS NO CENTRO

4.- CONTIDOS

5.- MEDIDAS DE ACTUACIÓN

6.- ACTIVIDADES

7.- CRITERIOS E MECANISMOS DE AVALIACIÓN

7.1.-INDICADORES DE ÉXITO. AVALIACIÓN DA TAREFA

8.- ANEXO: GLOSARIO

1. INTRODUCCIÓN

Educar significa promover o desenvolvemento integral das persoas, polo que resulta necesario favorecer ese valor entre o alumnado para superar as limitacións impostas polo xénero a través dun traballo sistemático na Comunidade Educativa.

Dende a familia e na escola proporciónanse modelos de conduta e impóñense comportamentos que os medios de comunicación e o grupo de iguais reforzan. Por iso, o proceso de coeducación comeza na familia e a escola, sendo os primeiros espazos de socialización desde os cales se compensan os desaxustes de orixe diversa, como aqueles que proveñen de prexuízos sexistas que poden incidir no desenvolvemento dos nenos/ as nos seus primeiros anos.

Dende a escola han de identificarse as diferenzas entre mulleres e homes, non só fisicamente, senón tamén nos diversos ámbitos da sociedade, desenvolvendo unha reflexión e crítica sobre aqueles aspectos que xeran discriminación entre as persoas polo simple feito de ser de distinto sexo, aproveitando tales diferenzas para enriquecer e completar o desenvolvemento do alumnado.

Á hora de falar este tema debemos ter especial coidado xa que o sexo asignado ao nacer, puramente por cuestións biolóxicas, non sempre se corresponde coa Identidade de Xénero e isto é algo que debe saber o noso alumnado.

Os formadores da futura sociedade, debemos ter en conta que o **principio básico para desenvolver unha convivencia de calidade é a igualdade entre o alumnado**; sendo esta unha demanda social á que debemos dar resposta dende a escola.

Debemos crear as condicións necesarias para potenciar os aprendizaxes que valoran e enriquecen a diversidade.

En Abril do 2016 a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa publica o Protocolo de Identidade xénero que é un Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.

Co obxectivo de garantir a igualdade de trato e combater a discriminación por razóns de diversidade afectivo-sexual e identidade sexual, publícase a Lei 2/2014, que inclúe a mención expresa á eliminación de calquera indicio de discriminación que poidamos apreciar no sistema educativo, entre outras, por razóns de identidade de xénero.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NORMATIVA VIXENTE

2.1 Contextualización

O Ceip Agro do Muiño está situado nunha zona rural, en progresivo cambio cara unha zona semiurbana. O núcleo de poboación principal do que se nutre o centro é Bertamiráns, que é unha vila en expansión. Socioculturalmente, a zona pódese caracterizar en termos xerais como pertencente a un estrato medio ou medio-alto. A poboación desenvolve o seu labor fundamentalmente nos sectores de servizos e industrial. Nos últimos anos estase a producir un crecemento da poboación que repercute nun incremento do alumnado que asiste ós centros educativos do concello en xeral e en particular ao Agro do Muiño.

2.2 Referencia normativa

- Constitución española de 1978.
- Declaración universal sobre dereitos humanos, Declaración dos dereitos da infancia e Convención sobre os dereitos da infancia. Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia.
- Directiva 200/78/CE do Consello, do 27 de novembro de 2000.
- Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.
- Lei 3/2007, do 15 de marzo, reguladora da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas.
- Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.
- Principios de Yogyakarta.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei orgánica 2/2006, do 3 maio, de educación coas modificacións previstas pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia

3. OBXECTIVOS

O noso proxecto de igualdade presenta os seguintes obxectivos para o curso 2019/2020 dirixidos a toda a Comunidade Educativa:

3.1 Obxectivos para o profesorado:

- Fomentar a autonomía do alumnado, tanto na casa como na contorna escolar, de modo que sexan capaces de realizar tarefas cotiás, evitando desigualdades.

- Potenciar a colaboración familia-escola na educación para a igualdade de nenos e nenas.
- Facer consciente dos estereotipos de xénero ao alumnado e comunidade educativa. (linguaxe sexista, trato condicionado ao sexo, posibles actitudes sexistas en participacións en clase...)
- Desenvolver estratexias organizativas e curriculares necesarias para conseguir un currículo non sexista.
- Establecer vías de colaboración con persoas e institucións que promovan a igualdade de oportunidades.
- Utilizar unha linguaxe docente igualitaria en todas as explicacións procurando que apareza o masculino e o feminino. Resaltar fundamentalmente os exemplos con presenza destacada da muller.
- Coidar que o trato profesorado /alumnado non estea condicionado ao sexo da persoa.
- Prestar atención ás posibles actitudes sexistas que poidan aparecer nas participacións en clase.
- Priorizar o plan de formación a temas relacionados coa igualdade.

3.2. Obxectivos para o alumnado:

- Crear equipos de traballo na aula, heteroxéneos en todos os aspectos, incluídos respecto ao sexo dos integrantes.
- Desenvolver un banco de actividades teórico-prácticas que fomenten a igualdade entre nenos e nenas.
- Participar en campañas de coeducación organizadas polo Concello e outras entidades.

3.3. Obxectivos para as familias:

- Favorecer a presenza e participación das familias (nais-pais-titoreslegais) na proxección e execución daquelas actividades complementaria ou doutro tipo onde iso sexa posible.
- Organizar sesións informativas-formativas onde se trate temas relacionados coa igualdade de xénero.

3.4. Obxectivos para o uso adecuado dos espazos no centro:

- Fomentar o uso igualitario dos espazos (recreo, aula, ximnasio, etc...)favorecendo a participación igualitaria e a distribución dos espazos en xogos, e actividades físico-deportivas.
- Desenvolver actividades nas zonas de recreo, coa participación activa do profesorado que se atope no patio. O recreo é un espazo educativo como a aula.
- Repartir equitativamente as responsabilidades de clase entre todo o alumnado.

4.-CONTIDOS

Os contidos que propoñemos están en consonancia cos obxectivos establecidos e proporcionan aos mesmos, que ensinar, plasmándoo de forma sinxela e eficaz:

- Coeducación como eixo transversal
- Estereotipos, roles e mitos relacionados co xénero: prevención, detección e eliminación.
- Violencia de xénero: sensibilización e prevención.
- Linguaxe sexista.
- Igualdade nas responsabilidades familiares.
- Corresponsabilidade nas tarefas da casa.
- Autonomía persoal.
- Economía familiar. Consumo responsable.
- Igualdade nas expectativas profesionais.
- Responsabilidade persoal nos estudos.
- Acoso escolar: sensibilización e prevención.
- Actitudes que facilitan a convivencia.
- Xogos coeducativos.
- Ciberacoso.

5.- MEDIDAS DE ACTUACIÓN

5.1 A IGUALDADE NO CURRÍCULO.

A igualdade entre xéneros non se subscribe unicamente a unha materia ou área, senón que impregna todo o currículo, de maneira que se potenciará desde todas elas. A LOE propón o desenvolvemento dunha serie de competencias básicas, que serán o alicerce no que sustente o Plan de Igualdade do centro.

- **Competencia de comunicación lingüística:** Traballarase este apartado a través do uso adecuado da linguaxe, evitando discriminación por razón de sexo. Doutra banda, desenvolveranse actividades nas que o alumnado utilice a linguaxe para expresar os seus propios sentimentos así como actitudes de rexeitamento ante os diferentes tipos de discriminación.

- **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico-natural:** Traballaremos en clase para favorecer o coñecemento do propio corpo, procurando coñecer as diferenzas entre nenos/as; diferenzas que son necesarias coñecer para poder eliminar estereotipos.

- **Tratamento da información e competencia dixital:** Debemos ensinar aos nosos alumnos/as a analizar as mensaxes que nos proporcionan os medios de comunicación con respecto aos roles

aplicados ao home e á muller, favorecendo o xuízo crítico ante eles. É dicir, educaremos aos nosos alumnos/as ante a publicidade e ante algunhas series de televisión ou películas que ridiculizan os papeis femininos.

- **Competencia social e cidadá:** Co presente plan incluído na programación do centro, procuramos fomentar os valores e actitudes necesarios para que o noso alumnado poida vivir en sociedade. Trataremos de eliminar todo tipo de violencia e de discriminación na contorna máis próxima; asentando as bases para que sexa aplicable en todo momento dentro e fóra do colexio. Pretendemos que adquiran o valor da igualdade, pero non que o entendan como un feito illado que traballaron un día na escola; senón como unha actitude desexable e necesaria por e para a sociedade. Isto conseguirase a través da realización de actividades lúdicas e próximas a eles. Non pretendemos traballar o concepto teórico da igualdade; senón que traballaremos desde a práctica, utilizando para iso situacións cotiás e coñecidas polos nosos alumnos/as. Tamén se traballará mediante a colaboración das familias que deberían implicarse no devandito plan, facilitando as súas experiencias nas nosas clases.

- **Aprender a aprender:** Contribuiremos ao desenvolvemento desta competencia xa que incluímos neste plan actividades nas que os neno/as terán que recompilar información para poder traballar en clase. Eles analizarán individualmente as distintas situacións e despois expoñeranse en clase, para ser analizadas de forma grupal. Potenciaremos o traballo cooperativo para realizar murais e postas en común en clase, pero non podemos esquecer o desenvolvemento individual do alumnado.

- **Iniciativa e autonomía persoal:** Algunhas das nosas actividades no presente plan están orientadas a que os nosos alumnos/as sexan autónomos tanto na casa como na escola. Isto formará as bases para que sexan autónomos no día a día. Con talleres de “Cociña” e “Lavado e pasado de ferro de roupa” que se realizarían en clase, estaremos a contribuír á autonomía do alumnado, evitando a dependencia que adoita recaer nas nais e formando a unha futura sociedade máis independente. Tamén potenciaremos a iniciativa no traballo de clase, pedindo voluntarios para levar a cabo distintas tarefas e sendo recompensados por iso con eloxios positivos ou calquera outro tipo de recompensa que utilicemos en clases como cariñas riseiras nun cuadrante semanal.

6.- ACTIVIDADES

A continuación, recollemos as actividades que se realizarán ao longo deste curso, relacionadas coas conmemoracións. Non se trata de celebrar cada conmemoración de forma illada, senón de orientar o traballo do Plan de Igualdade dese mes coas actividades propostas no punto anterior e culminalo coa celebración proposta.

En base a ORDE do 20 de xuño de 2019 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2019/20 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, no Artigo 8.de Conmemoracións:

1. Durante o curso escolar celebraranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións:

– 20 de novembro de 2019: Día Universal da Infancia.

- 25 de novembro de 2019: Día Internacional contra a Violencia de Xénero
- Do 2 ao 9 de decembro de 2019: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2019: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2019: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 30 de xaneiro de 2020: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 8 de marzo de 2020: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2020: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 9 ao 13 de marzo de 2020: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 7 de abril de 2020: Día Mundial da Saúde.
- 2 de maio de 2020: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2020: Día de Europa.
- Do 11 ao 15 de maio de 2020: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2020: Día Mundial do Medio Ambiente.

2. De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, os centros docentes sostidos con fondos públicos realizarán actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.

Detallaranse as actividades segundo se váian propoñendo ao longo do curso dacordo cas coordinadoras de nivel co equipo directivo.

Traballaranse actividades prácticas, colaborativas, lúdicas, activas e participativas, onde a aprendizaxe sexa significativa. Partirase das propias experiencias do alumnado, da contorna máis inmediatea que lles rodea, o fogar. Para iso tentase favorecer a comunicación familia-escola e realizáranse actividades baseadas na experiencia familiar, na convivencia; para así trasladalo á vida en sociedade.

Taboleiro de anuncios: **AXENDA IGUALDADE**. Todas as noticias relacionadas co plan (actividades, propostas de traballo, noticias, campañas publicitarias...)

6.1 Tipos de actividades

Realizaranse diversos tipos de actividades:

- **Actividades nas titorías:** os titores/as realizarán ao longo do curso diferentes actividades programadas para sensibilizar ao alumnado de forma transversal.

Actividades culturais e complementarias de todo tipo: carteis, cinema, lecturas de libros, etc.

- Actividades de colaboración: con outros proxectos (Lectura e Biblioteca, Convivencia...) para celebrar o día do libro.
- Actividades de conmemoración: en datas significativas.
- Durante todo o curso: Murais sobre mulleres importantes nas historia do CINE. Colaboración do alumnado de maior idade co de menor para fomentar o coidado aos que o necesitan, a colaboración e o sentido da responsabilidade.
- Visionado de películas e lecturas relativas ao tema. Todos os niveis.

Destacar que se traballará pequenos apartados mensuais:

Sabías que...? Cada mes, no taboleiro colgarase un dato ou feito curioso sobre mulleres, dirixido especialmente aos niveis de 5º e 6º.

Frases para pensar Tamén cada mes, ofrecerase unha frase no taboleiro, dedicada 3º-6º.

Conceptos e vocabulario coeducativo Mensualmente no taboleiro de coeducación, dirixido a todo o colexio. Buscar no dicionario, comentar situacións relativas ao concepto, usalos nas tarefas de clase...

Conto coeducativo, cada mes recomendarase un conto por niveis.

Organizarase o **Ciclo de Cinema e Coeducación**. Desde o ámbito educativo sabemos que o cinema ten unha gran capacidade para transmitir valores, actitudes e modelos de vida; ademais aproveitase a temática e contido da película seleccionada para formar ao alumnado en habilidades sociais.

7.- CRITERIOS E MECANISMOS DE AVALIACIÓN

Para asegurar o éxito deste Plan é necesario definir e poñer en marcha mecanismos de seguimento das actuacións e medidas que o desenvolven, á vez que estratexias de avaliación que permitan valorar dunha maneira sistemática e rigorosa o alcance real das devanditas actuacións e ofrecer información relevante para orientar a toma de decisións para potenciar os logros e a corrixir as posibles disfuncións.

Trátase dunha avaliación que se entende como un exercicio de responsabilidade individual e tamén colectiva, e que implica un proceso de reflexión e análise sobre as actuacións que se van desenvolvendo e sobre o resultado das mesmas. Pero, tamén, dunha avaliación que estimule a participación de todas as persoas implicadas no desenvolvemento do Plan.

Utilizaremos durante todo o proceso unha **avaliación continua e formativa**. O seguimento do Plan farase **trimestral** coincidindo coa avaliación do alumnado e a práctica docente e concretarase na memoria final de curso. Avaliaranse as actuacións, alumnado, profesorado, implicación das familias, tendo en conta os seguintes aspectos:

- ✓ Nivel de consecución dos obxectivos
- ✓ Dinámica de traballo
- ✓ Grao de incidencia na aula e o centro
- ✓ Materiais elaborados e utilizados
- ✓ Problemas detectados
- ✓ Valoración global do traballo realizado

7.1.-Indicadores de logro

A tarefa terá éxito a efectos de avaliación, do alumnado, do profesorado e da propia tarefa se:

- A participación e implicación do alumnado, profesorado e familias implicadas foi boa.
- Se a dinámica dos grupos foi verdadeiramente fluída e cooperativa.
- Se o grao de autonomía dos grupos e o material elaborado foi de calidade, e libre de rumbos sexistas.
- Se as controversias conceptuais e a reflexión colectiva e individual en torno ao tema achegaron valores de equidade e xustiza social.
- Se se utilizou unha linguaxe integradora con ambos os sexos e libre de prexuízos.
- Se o ambiente favoreceu a expresión sa e libre dos sentimentos.

Teremos en conta os seguintes **criterios**:

1. Criterios de Avaliación para o alumnado:
 - Utiliza ou sabe utilizar a linguaxe coeducativo.
 - Respecta as diferenzas dos compañeiros/ as.
 - Valora e participa nas actividades propostas.
 - Discrimina entre imaxes sexistas e non sexistas.
2. Criterios de Avaliación sobre o proxecto:
 - O proxecto foi interesante para alumnado e docentes.
 - O desenvolvemento da actividade axustouse ao programado.
3. Respecto ao profesorado:
 - Grao de implicación no proxecto.
 - Capacidade para deseñar estratexias e recursos.

8.- ANEXO: GLOSARIO

A continuación expónse unha relación dos principais termos en materia de igualdade que pretenden ser de utilidade para o profesorado dos centros educativos así como para todas aquelas persoas que leven a cabo as medidas recollidas neste Plan.

- ❖ **ACCIÓN POSITIVA:** co efecto de promocionar a igualdade entre mulleres e homes, non se considerarán discriminatorias as medidas especiais encamiñadas a acelerar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, sen que, en ningún caso, estas medidas poidan supoñer, como consecuencia práctica, o mantemento de regulaci3ns separadas. As medidas de acci3n positiva manteranse mentres non estean plenamente acadados os obxectivos de igualdade de oportunidades.
- ❖ **ACOSO MORAL POR RAZ3N DE X3NERO:** a situaci3n en que se produce un comportamento non desexado relacionado co sexo ou x3nero dunha persoa, co prop3sito ou o efecto de atentar contra a dignidade da persoa e de crear un medio intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo.
- ❖ **ACOSO SEXUAL:** a situaci3n en que se produce calquera comportamento verbal, non verbal ou f3sico non desexado de 3ndole sexual, co prop3sito ou o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea un ambiente intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo.
- ❖ **COEDUCACI3N:** m3todo de intervenci3n educativo que vai m3is al3 da educaci3n mixta e cuxas bases se fundamentan no recoñecemento das potencialidades e individualidades das nenas e nenos, independentemente do seu sexo. A coeducaci3n 3, polo tanto, educar dende a igualdade de valores, oportunidades e trato 3s persoas.
- ❖ **CONCILIACI3N DA VIDA PERSOAL, FAMILIAR E LABORAL:** creaci3n dunha estrutura e organizaci3n da contorna laboral que facilite a mulleres e a homes a combinaci3n do traballo, as responsabilidades familiares e a vida persoal. 53 de 59 Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia
- ❖ **CORRESPONSABILIDADE:** repartici3n equitativa das responsabilidades dom3sticas e do coidado das persoas entre mulleres e homes. No reparto dos coidados 3 imprescindible que o tempo dedicado 3 crianza das fillas e fillos por parte das persoas proxenitoras sexa igual. O significado da corresponsabilidade social ten como obxectivo aumentar a implicaci3n das persoas na repartici3n das responsabilidades dom3sticas e familiares, especialmente dos homes, para estenderse a outros axentes sociais e instancias p3blicas e privadas.
- ❖ **DISCRIMINACI3N:** o concepto de discriminaci3n incluir3: a) O acoso ou acoso moral por raz3n de x3nero e o acoso sexual, as3 como calquera trato menos favorable baseado no rexeitamento de tal comportamento por parte dunha persoa ou o seu sometemento a el. b) A orde de discriminar persoas por raz3n do seu sexo ou x3nero. c) O trato menos favorable a unha muller en relaci3n co embarazo ou permisos relacionados coa maternidade. **DISCRIMINACI3N DIRECTA:** a situaci3n en que unha persoa sexa, fose ou puidese ser tratada por raz3n de sexo ou x3nero de maneira menos favorable que outra en situaci3n comparable. **DISCRIMINACI3N INDIRECTA:** a situaci3n en que unha disposici3n, un criterio ou unha pr3ctica aparentemente neutros sit3an persoas dun sexo determinado en desvantaxe particular con respecto a persoas do outro sexo, ag3s que a devandita disposici3n, criterio ou pr3ctica poidan xustificarse obxectivamente cunha finalidade lex3tima e que os medios para alcanzar a devandita finalidade sexan adecuados e necesarios.
- ❖ **EMPODERAMENTO:** termo empregado na IV Conferencia Mundial das Mulleres para referirse ao aumento da participaci3n feminina nos procesos de toma de decisi3n e

acceso ao poder. Inclúe o fortalecemento da súa posición social, económica e política e busca reducir ou eliminar as relacións de poder entre os sexos.

- ❖ **ESTEREOTIPO DE XÉNERO:** fai referencia a unha serie de ideas impostas, simplificadas, pero fortemente asumidas sobre as características, actitudes e aptitudes das mulleres e dos homes. Estas ideas, fixas, asúmense como naturais e serven para clasificar as persoas sen ter en conta as súas realidades individuais polo que se establece un modelo do feminino e do masculino nun contexto dado e se normativiza ou categoriza os membros da sociedade de acordo con iso. 54 de 59 Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia
- ❖ **FEMINISMO:** movemento que procura a Igualdade entre homes e mulleres en todos os ámbitos da vida.
- ❖ **FENDA DE XÉNERO:** é a diferenza entre as taxas masculina e feminina na categoría dunha variable producida pola desigualdade de xénero. As máis coñecidas son:
 - **FENDA SALARIAL:** diferenza relativa que existe na medida dos ingresos brutos por hora, de mulleres e homes en todos os sectores da economía.
 - **FENDA DIXITAL:** diferenza no acceso e no uso das tecnoloxías da información. Fálase de 1ª fenda dixital cando se trata do acceso, 2ª fenda dixital cando se analiza o uso e a intensidade das TIC e de 3ª fenda dixital cando nos referimos a aspectos máis cualitativos como son o uso diferencial de servizos avanzados.
- ❖ **HOMOFOBIA:** aversión, odio, medo, prexuízo ou discriminación contra mulleres ou homes homosexuais, bisexuais ou transexuais.
- ❖ **IDENTIDADE SEXUAL:** autodefinición que a persoa fai de si mesma como pertencente a un sexo.
- ❖ **IDENTIDADE DE XÉNERO:** autodefinición da persoa como pertencente a un dos xéneros establecidos culturalmente. Grao de asunción dos comportamentos, actitudes, etc., asociados ao devandito xénero.
- ❖ **IGUALDADE:** en coeducación, enténdese como igualdade de dereitos e oportunidades entre as persoas, independentemente do sexo ou xénero ao que pertencen.
- ❖ **IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES:** fundamentado no principio de Igualdade, refírese á necesidade de corrixir as desigualdades que existen entre mulleres e homes na sociedade. Constitúe a garantía de que mulleres e homes poidan participar en diferentes esferas (económica, política, participación social, de toma de decisións...) e actividades (educación, formación, emprego...) sobre bases de igualdade.
- ❖ **IGUALDADE DE TRATO:** a igualdade de trato presúpón o dereito ás mesmas condicións sociais, de seguridade, remuneracións e condicións de traballo, tanto para mulleres como para homes.
- ❖ **INTERSEXUAL:** termo xeral que se emprega para referirse a unha variedade de condicións nas que unha persoa nace cunha variación nas características sexuais 55 de 59 Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia (anatomía sexual, órganos reprodutivos e/ou mapa cromosómico) que non encaixa nas definicións pechadas de home ou muller. Pode ser algo patente no nacemento ou pode descubrirse ao longo da vida.

- ❖ **INVISIBILIZACIÓN:** proceso polo que certas persoas, acontecementos, actitudes e comportamentos pasan desapercibidos pola interiorización dos patróns culturais nos que se está inmerso.
- ❖ **LINGUAXE INCLUSIVA:** é aquela que fai visible a existencia dos sexos, utilizando diversas fórmulas para fomentar unha visión do mundo na que se inclúan mulleres e homes. É unha linguaxe completamente correcta desde unha perspectiva gramatical, que busca superar o sexismo lingüístico e o androcentrismo.
- ❖ **LINGUAXE SEXISTA:** uso da linguaxe que fomenta a discriminación das mulleres, é dicir, utiliza o masculino como xénero gramatical que inclúe o feminino, invisibilizando as mulleres.
- ❖ **MICROMACHISMO:** comportamento ou expresión “invisible ou de escasa visibilidade” da violencia e dominación, que con frecuencia, algúns homes realizan no ámbito das súas relacións.
- ❖ **MACHISMO:** conxunto de actitudes, condutas, prácticas sociais e crenzas destinadas a xustificar e promover o mantemento dunha situación discriminatoria contra as mulleres e contra todas as persoas que non asumen o patrón masculino socialmente dominante.
- ❖ **ORIENTACIÓN SEXUAL:** é a atracción emocional ou sexual que se sente cara outra persoa. Se a atracción é cara alguén do mesmo sexo, falamos de homosexualidade; cara a unha persoa de diferente sexo, é heterosexualidade, e atracción por persoas de ambos os sexos é chamada bisexualidade.
- ❖ **PATRIARCADO:** sistema familiar, social, ideolóxico, político e económico caracterizado polo dominio do home nos diferentes ámbitos.
- ❖ **PERSPECTIVA DE XÉNERO:** enfoque que ten en consideración as diferenzas entre mulleres e homes en calquera actividade ou ámbito co obxectivo de acadar unha igualdade real e efectiva..
- ❖ **ROLES DE XÉNERO:** conxunto de papeis e expectativas diferentes para mulleres e homes que marcan a diferenza respecto a como ser, como sentir e como actuar. Estes 56 de 59 Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia roles son asignados pola sociedade na que vivimos e, como consecuencia diso, as persoas desenvólvense como mulleres ou coma homes identificándose cos roles que polo seu sexo lles foron asignados.
- ❖ **SEGREGACIÓN LABORAL DAS MULLERES:** refírese á concentración das mulleres en determinadas ocupacións e/ou familias profesionais que, xeralmente, caracterízanse por ter condicións de emprego pouco satisfactorias, baixos salarios e poucas oportunidades de formación continua e adquisición de cualificacións engadidas. A segregación pode ser horizontal, cando a concentración se produce en determinadas ocupacións/familias profesionais; e vertical, cando as mulleres se concentran en postos de baixa responsabilidade.
- ❖ **SEXISMO:** actitudes que inciden, favorecen e perpetúan a desigualdade por razón de sexo e/ou xénero. SEXO: conxunto de diferenzas biolóxicas (anatómicas e fisiolóxicas) entre homes, mulleres e intersexuais.
- ❖ **SOCIALIZACIÓN:** proceso de interiorización de valores e comportamentos provenientes da contorna no que a muller e o home viven, chegando a asumilos como propios e naturais.

- ❖ **TEITO DE CRISTAL:** fai referencia á barreira invisible que impide ás mulleres o mantemento ou o progreso na súa carreira profesional. É unha forma de discriminación indirecta que obstaculiza a promoción das mulleres. Entre os principais factores que manteñen o «teito de cristal» destacan os relativos a aspectos externos e interactivos como a cultura organizacional e as responsabilidades domésticas e familiares. Por tanto o «teito de cristal» está formado por unha superficie superior invisible na carreira laboral e social das mulleres, difícil de traspasar, que as impide seguir avanzando.
- ❖ **TOLERANCIA CERO:** resolución formulada polo Parlamento Europeo en 1997, que ten como obxectivo modificar as actitudes na sociedade, de maneira que, baixo ningún concepto, se tolere ou permita a violencia contra as mulleres a nivel individual, colectivo e institucional.
- ❖ **TRANSEXUALIDADE:** caracterízase por presentar unha discordancia entre a identidade de xénero e o sexo biolóxico. 57 de 59 Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia
- ❖ **TRANSVERSALIDADE:** en coeducación, supón a inclusión da perspectiva de xénero na elaboración, desenvolvemento e seguimento de todas as actuacións que afecten, directa ou indirectamente, a comunidade educativa.
- ❖ **TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO:** integración sistemática das situacións, prioridades e necesidades das mulleres e homes, respectivamente, en todas as políticas e actividades, con vistas a promover a igualdade entre ambos os dous xéneros. Implica dar prioridade ao criterio de xénero en todo o que se leve a cabo.
- ❖ **VIOLENCIA MACHISTA:** é o conxunto de actitudes activas ou pasivas polas que se exerce unha violencia física, psíquica, sexual, emocional e social que trata de impor o conxunto de crenzas, estereotipos e relacións de dominación baseadas no ideario machista e patriarcal. Este concepto inclúe a violencia de xénero e outras manifestacións de intolerancia e de dominación como a homofobia ou a aversión ás persoas que non actúan conforme aos roles que se lle presupoñen socialmente asignados ao seu sexo e xénero.
- ❖ **VIOLENCIA DE XÉNERO:** termo acuñado na Conferencia Mundial sobre a muller en Pequín (1995) e que se define como todo acto de violencia sexista que ten como resultado posible ou real un dano de natureza física, sexual, psicolóxica, incluíndo as ameazas, a coerción ou a privación arbitraria de liberdade para as mulleres e as súas fillas e fillos menores, xa se produza na vida pública ou na privada.
- ❖ **XÉNERO:** construción cultural segundo a cal se lles asigna ás persoas determinados papeis, ocupacións, expectativas, comportamentos e valores por razón do seu sexo.